

Declaración de UGT-Galicia con gallo do 25 de Xullo

GALICIA ESTÁ NUN MOMENTO DECISIVO, DE CAMBIO, TEN QUE ELIXIR O SEU RUMBO NUN CONTEXTO MARCADO POLA GLOBALIZACIÓN, DIXITALIZACIÓN E SOSTIBILIDADE

UGT-Galicia aposta por unha Galicia competitiva e con emprego de calidade

Redacción.- Co gallo da celebración do Día de Galicia, a Comisión Executiva de UGT-Galicia transmitiulle, en primeiro lugar, a toda a cidadanía galega os parabéns pola celebración da súa data máis sinalada. Data que se vai celebrar, un ano máis, nun contexto cheo de incertezas polo panorama a nivel internacional, con dous conflitos bélicos que parecen non ter fin, o que xera inestabilidade económica e nos prezos.

Nesta conxuntura, UGT-Galicia segue a por en valor o diálogo social como unha ferramenta que se mostrou sobradamente útil para adaptar a realidade do país a cada un dos contextos que se foron presentando co fin de que a poboación, sobre todo a clase traballadora, sufrise o menos posible as consecuencias desta adaptación. Para o Sindicato, de cara ao futuro, hai que seguir apostando por esta ferramenta para reforzar o crecemento económico, o estado de benestar, a creación de emprego de calidade ou unhas pensións dignas. Tamén é o momento de non titubear na defensa de todos os dereitos conseguidos en materia de igualdade ou diversidade sexual.

No momento decisivo de cambio actual, Galicia ten que elixir o seu rumbo para afrontar un futuro que vai estar marcado pola globalización, a dixitalización e todo baixo o paraguas dunha sostibilidade que debemos autoesixirnos. O reto demográfico debe ser un dos principais obxectivos porque, de continuar a tendencia actual, a perda poboacional podería ser dun 5%.

Outro dos obxectivos no que se debe traballar como sociedade é na revalorización do rural, converter este espazo nunha alternativa real



provista das ferramentas necesarias para que as persoas, as familias, se poidan asentar neste contexto, poidan traballar nel e afrontar no rural e dende o rural o seu proxecto de vida e non como unha prolongación do urbano, senón como un espazo con entidade propia.

Galicia tamén precisa crecer economicamente e mellorar os seus niveis de produtividade, así como os seus indicadores en materia de emprego. O tecido económico galego ten numerosas eivas que precisa corrixir, falta de dimensión, escasa dixitalización e, no laboral, taxas de ocupación e actividade moi diminuí-

das.

Se ben é certo que a nivel industrial a nosa Comunidade conta con certas potencialidades, hai que actualizar e reinventar o tradicional pero apostar tamén dun xeito decidido por sectores de alto valor engadido como o tecnolóxico. Chegado este punto, hai que apostar polo agrupamento empresarial, xa que o decorrer da historia demostranos que as grandes empresas resisten mellor as crises que o modelo de microempresas que impera en Galicia.

Para traballar por este reto, cóntase cunha ferramenta, os fondos eu-

[...vén da páxina anterior.](#)

ropeos, para avanzar cara o cambio de modelo produtivo marcado por actividades de alto valor engadido que avancen na dixitalización e na transición cara unha economía verde sen deixar a ninguén atrás.

Pero todo isto é impensable sen un trazado de infraestruturas moderno e interconectado.

En termos máis humanos, na modernización do tecido produtivo galego, xogará un papel clave o capital

humano, polo que hai que garantir a súa formación e capacitación profesional. Aquí hai que apostar decididamente pola innovación, estimulando, retendo e captando talento.

Retos todos eles que deben ser abordados baixo o paraugas da sustentabilidade. Hai que afrontar o futuro cun modelo de desenvolvemento medioambientalmente sostible e socialmente inclusivo.

Unha data para a lembranza das vítimas das guerras de Ucraína e Gaza e para as víti-

mas do sinistro de Angrois que hai 11 anos sacudiu á sociedade galega

Para UGT, esta data ten que converterse nunha xornada de celebración para todos e todas as galegas pero tamén nunha xornada reivindicativa e de lembranza. Lembranza das vítimas dunhas guerras cruentas e inxustas, tanto a de Ucraína como a de Gaza, e lembranza tamén nesta data para as vítimas e as súas familias do sinistro ferroviario de Angrois que hai 11 anos sacudiu á sociedade galega na xornada previa ao 25 de xullo.

ESPAÑA INCUMPRE A CARTA SOCIAL EUROPEA EN MATERIA DE DESPEDIMENTO

O Comité Europeo de Dereitos Sociais da a razaón a UGT e condena a España por non cumprir coa obriga de dar unha compensación adecuada por despedimento improcedente

Redacción.- O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, e o vicesecretario xeral de Política Social do sindicato, Fernando Luján, presentaron este luns en rolda de prensa a resolución do Comité Europeo de Dereitos Sociais sobre o custo do despedimento improcedente en España tras a denuncia interposta polo sindicato en marzo de 2022.

O vicesecretario xeral de Política Social do sindicato, Fernando Luján, anunciou que a resolución do Comité Europeo de Dereitos Sociais conclúe que a lexislación española non cumpre co artigo 24 da Carta Social Europea. Neste garátese o dereito dos traballadores a unha protección adecuada en caso de despedimento e determínase que a compensación establecida pola normativa, fixa e predicible, non é suficiente para cubrir os danos sufridos polos traballadores despedidos e non ten un efecto disuasorio para os empregadores.

Fernando Luján lembrou que o que se pretende coa demanda é protexer os contratos de traballo e que o despedimento sexa a última opción nun contexto no que “temos preto de 900.000 extincións de contratos ao ano, con indemnizacións medias por despedimento inxusto que roldan os 9.000 euros, dos que 140.000 van aos tribunais”.

Neste sentido, Pepe Álvarez manifestou que se trata “dunha resolución histórica que vai cambiar o concepto mantido en España sobre o despedimento ao longo do tempo. Unha resolución que achega igualdade, xustiza e seguridade xurídica e permítenos seguir avanzando no camiño da estabilidade

iniciado coa reforma laboral de 2022”.

Álvarez explicou que o sindicato presentou a demanda porque era consciente de que coa reforma laboral non se reverteron todas as medidas introducidas en 2012 polo Goberno de Mariano Rajoy. Nese momento reduciuse de 45 a 33 días por ano a indemnización e elimináronse os salarios de tramitación. Por este motivo, “pareceunos que tiñamos que abrir este camiño cuxa finalidade non é encarecer o despedimento aos empresarios, senón evitar que haxa despedimentos arbitrarios e inxustos. Noutras palabras, se non hai razóns para o despedimento, que non se despidan e se as hai, que se xustifiquen”.

“Tanto as resolucións de Finlandia, Italia e Francia, como a de España, sitúan claramente que a indemnización por despedimento non pode ser coñecida previamente polo empresario, que ten que cubrir os danos causados á vítima e que se teñen que pagar os salarios de tramitación, -os que se corresponden coa data que vai desde o despedimento ata que se coñece a sentenza- e que corrian a cargo da empresa e eran un elemento de disuasión”, engadiu.

Diálogo Social e, se non,



tribunais

“Neste sentido”, sinalou, “é necesario que os maxistrados en España teñan en conta cuestións de carácter persoal que agraven a contía da indemnización por despedimento improcedente”. Trátase de cuestións relativas “ás posibilidades de empregabilidade da persoa (tanto pola contorna xeográfica na que vive, a súa formación, a súa idade, se ten persoas a cargo, a súa situación económica, se está preto da xubilación ou se hai risco de vulnerabilidade, por exemplo)”.

“Sería razoable, tras o 29 de xullo, data na que se poderá publicar a sentenza íntegra, Goberno, patronal e sindicatos se sentasen para facer unha adaptación á lexislación española a través do Diálogo Social que permita dar cumprimento a unha resolución vinculante. Depende da vontade que teña o Goberno e a patronal, os sindicatos, desde logo, témola, pero se non é así, pelexaremos sentenza a sentenza porque cremos que os traballadores e traballadoras teñen moito que gañar e os nosos servizos xurídicos están preparados”.

NA INDUSTRIA ALIMENTARIA OS RISCOS LABORAIS ERGONÓMICOS SON OS MÁIS FRECUENTES. ESTES DERIVAN EN TRASTORNOS MUSCULOESQUELÉTICOS QUE PRODUCEN AUSENCIAS OU BAIXAS LABORAIS

UGT FICA GALICIA INICIA UNHA CAMPAÑA DE FOMENTO DE HÁBITOS DE VIDA SAUDABLES NA INDUSTRIA ALIMENTARIA

Ademais da publicación dun díptico informativo, a Federación abrirá un calendario de visitas ás empresas galegas do eido alimentario para achegar información, consellos de como adaptar o corpo para a xornada laboral, como minimizar os riscos no traballo e consellos para facer exercicios ao finalizar a xornada, acompañado todo da celebración dun almorzo saudable

Redacción.- UGT FICA Galicia ven de informar nunha rolda de prensa que a semana que ven vai iniciar unha campaña, que conta co financiamento da Xunta, de fomento de hábitos de vida saudables na industria alimentaria galega. Para isto, ten programado un calendario, que arrancará o día 31 de xullo na empresa Albo, de visitas a unha gran parte das industrias alimentarias de Galicia, conserveiras, empresas de elaborados de peixe, cárnicas, matadoiros, granxas, lácteas, entre outras.

Hai que subliñar que o fomento de hábitos de vida saudables está intrinsecamente relacionado co traballo saudable, para o cal, hai que impulsar un plan de actuación coordinado e co esforzo común entre traballadores e a dirección das empresas, para que promovan estas tamén a saúde e previr así enfermidades. Con isto, ao promover estilos de vida saudables, as empresas non só aumentan a satisfacción e o compromiso dos empregados, senón que tamén melloran o seu rendemento e produtividade.

Concretamente, a campaña vai consistir na elaboración dun díptico e carteis informativos, onde se explica como adaptar o corpo para a xornada laboral, como

minimizar os riscos no traballo, aconséllanse exercicios para finalizar a xornada laboral e danse recomendacións para un estilo de vida saudable, como unha dieta equilibrada, actividade física diaria, descanso, evitar hábitos tóxicos, gozar de tempo libre e de ocio, manter un bo estado de saúde xeral e coidar a saúde mental.

Despois, programáronse xornadas de presentación da campaña e divulgación nas empresas, acompañadas da celebración de almozos saudables nos seus comedores, como un xeito de exemplificar o que debería ser unha primeira comida do día saudable para afrontar unha xornada en mellores condicións. Ademais, os dípticos e carteis informativos serán entregados ás direccións das empresas para solicitar a súa colaboración na difusión dunha campaña que beneficia a todos e todas.

Non se pode esquecer que na industria alimentaria, polas súas características produtivas, as tarefas repetitivas, bipedestación e sobreesforzos son moi co-

múns, polo que o correcto manexo dos riscos que isto acarrea é fundamental para evitar trastornos musculoesqueléticos que producen ausencias ou baixas laborais.

Está demostrado que coa práctica dunha serie de exercicios antes de comezar a xornada; durante a mesma, mantendo unha serie de posturas, facendo as pausas necesarias, manexando correctamente as cargas e cunha correcta hixiene ergonómica; e, despois, facendo unha serie de exercicios de estiramento, poden previr ou diminuír, e moito, certas lesións e trastornos musculoesqueléticos, como tendinitis, síndrome do túnel carpiiano, ciática...



HOMENAXE ÁS VÍTIMAS DA GUERRA CIVIL E O FRANQUISMO NA ILLA DE SAN SIMÓN

Redacción.- A Fundación Luís Tilve, como membro da plataforma Iniciativa Galega pola Memoria, participou un ano máis no gran acto que os colectivos memorialistas galegos levan a cabo no antigo campo de concentración da Illa de San Simón, na que morreron 517 presos dos máis de 6.000 que pasaron por ela durante a Guerra Civil e o Franquismo, moitos deles compañeiros de UGT.

Este ano o acto, que estivo centrado na reivindicación da Illa de San Simón e do Pazo de Meirás como lugares de Memoria, contou coa intervención da escritora e investigadora Iria Morgade, quen nos retornou ó pasado a través dos ollos de Isabel Ríos, que tivo que emigrar sen a súa parella, o médico Manuel Calvelo, ó que fu-



silaran, pero que nunca deixou de bregar por recuperar a memoria, como deixou escrito en 1979, cando se lle acusou de re-

mover o pasado: [actos como estes] "honran a las víctimas, pues honor merecen aquellos que, con valentía y consciente-

mente, lucharon y murieron por un mundo mejor. El olvido lo considero imposible, nuestras penas están en nuestro corazón". Morgade tamén recalcou a importancia dos lugares de memoria, lugares de exterminio onde se deshumanizaba ás vítimas pero que hoxe en día queren ocultarse, resignificarse, silenciar. É a última fase da violencia, a negación. "Hoxe tócanos a nós recoller este berro, facer memoria, aquí, co eco dos laios das asasinas, das violentadas, dos exterminados".

A xornada, á que asistiron centos de persoas, que puideron desfrutar dunha visita guiada antes do acto, entre elas moitos familiares dos represaliados, continuou coa lectura de varios poemas por parte do poeta Claudio Rodríguez Fer, que encheu de versos o recordo. Tomaron logo a palabra as familias das vítimas, representadas pola bisneta de Francisco Merino Valenzuela, afiliado á UGT e tenente de alcalde socialista de Pegalajar (Jaén), pois moitos dos presos na illa eran traídos de fora, afastados da súa xente e da súa terra, para maior castigo. Nun emotivo discurso, M^a Pilar López manifestou que "so-

mos semillas diseminadas de quienes sufrieron y murieron en este paraíso convertido en infierno, y estamos aquí para dignificar su memoria, porque nadie muere mientras lo sigamos recordando". Lembrou como chegou Francisco, vello e canso, á illa de San Simón, para morrer nela como tantos outros, de fame, enfermidade, frío e outras vexacións. E recalcou a potestade das familias para recuperar os corpos dos seus, e máis nun momento no que a dereita máis ultra está negándolles o dereito a dar sepultura digna a estes, mediante trabas burocráticas e orzamentos baleiros; así como a indignidade que lle parece ás familias que se celebren festas e concertos nun lugar que para eles é sagrado, polo que reivindicán, xunto á plataforma, a declaración da Illa da Memoria, cun Centro de Memoria e dun mural no que se inscriban todos e cada un dos nomes dos que sufriron represión nela. Reclamación que dirixiu ó presidente da Xunta de Galicia, ó que acusou de prolongar o sufrimento das familias.

A homenaxe se pechou coa intervención de Guillermo Pérez, director da Fun-

dación Luís Tilve, quen deu lectura ao Manifesto en nome de tódalas entidades que conforman a plataforma IGM, incidindo en que "tanto a illa de San Simón como o Pazo de Meirás cumpren sobradamente coas características que esixe o artigo 49 da Lei de Memoria Democrática para ser declarados lugares de Memoria. Os dous son lugares vinculados á represión e violencia sobre a poboación", "ademais dun valor patrimonial, ambiental e un recurso da nosa memoria histórica común, que se ve luxado con actividades de todo tipo", incluso de lecer e tempo libre, sen un criterio, o que acaba por converter un lugar de significación histórica nunha mera atracción turística con intereses lucrativos, "que perverte e vulgariza os valores humanos, históricos e pedagóxicos" que ofrecen. "E para isto nos acolleamos á Lei de Memoria Democrática, para que os protexa, racionalice o seu uso e acabe deste xeito coa inacción dun Goberno da Xunta de Galicia que os oculta e corrompe".

A xornada rematou cunha ofrenda floral acompañada da música dos "Gaiteiros da Memoria".

O PLENO DO CONGRESO VOTA A FAVOR DAS LEIS BÁSICAS DE BOMBEIROS FORESTAIS E AXENTES FORESTAIS E MEDIOAMBIENTAIS

Ambas leis inclúen as emendas propostas por UGT para a xubilación anticipada por coeficientes redutores co 100% de pensión

Redacción.- O pleno do Congreso acaba de votar a favor das leis básicas de bombeiros forestais e axentes forestais e medioambientais. Ambas leis inclúen as emendas propostas por UGT para a xubilación anticipada por coeficientes redutores co 100% de pensión.

A secretaria de Política Institucional e Políticas Territoriais de UGT, Cristina Estévez, que asistiu á votación da Lei básica de Axentes Forestais e da Lei básica de Bombeiros Forestais que tivo lugar no Congreso dos Deputados, puxo en valor o traballo realizado polos Axentes e Bombeiros Forestais e ambientais como un servizo esencial. Ademais, subliñou a importancia de que estas normas saian adiante co apoio de todos os grupos parlamentarios, despois de décadas de loita destes colectivos, para que se recoñezan os seus dereitos e se organice e regule a súa situación.

Estévez manifestou que "hoxe se pon fin a unha discriminación histórica en canto ao acceso á xubilación anticipada destes colectivos co 100% da pensión. Unha discriminación que mantiñan con respecto a outros cor-



pos e outros colectivos do Estado".

"Con todo, tivo que ser a través das senllas tramitacións lexislativas, leis básicas que regulan dereitos e deberes nestes colectivos, cando por fin puideron ver a luz os coeficientes redutores da idade de xubilación. Algo que non debería ser así", denunciou Estévez.

"O regulamento que establece a consecución de coeficientes redutores de idade de xubilación xa lles tiña que dar unha saída a estes profesionais. É por iso que desde UGT seguimos negociando na mesa de pensións un novo regulamento que estableza un procedemento de

acordo á reforma de pensións de decembro de 2021. Que sexa excepcional, obxectivo, no que, independentemente de quen sexa o contratante –organismo público ou entidade privada– sexa a actividade a que supoña cocientes de perigo, penosidade ou toxicidade e que dea porta de acceso a unha xubilación anticipada cun 100% da pensión", remarcou.

"Estamos preto de conseguilo e imos seguir batallando para que situacións como as que viviron estes colectivos non volvan producirse", incidiu. "É por iso que UGT segue loitando por un regulamento xusto efectivo e equitativo", sentenciou.